| 00782/2019 | PAGO FINAL DE SUBVENCION ACTIVIDADES CULTURAIAS OU DEPORTIVAS 2018. ENTIDADES _SOCIEDAD DEPORTIVA SAN MARTIÑO |
| 00783/2019 | PAGO FINAL DE SUBVENCION ACTIVIDADES CULTURAIAS OU DEPORTIVAS 2018. ENTIDADES _EQUIPO DEPORTIVO LOZANO COMPETICION |
| 00784/2019 | PAGO FINAL DE SUBVENCION ACTIVIDADES CULTURAIAS OU DEPORTIVAS 2018. ENTIDADES _ASOCIACION DE NAIS E PAIS CELSO EMILIO FERREIRO |
| 00785/2019 | PAGO FINAL DE SUBVENCION ACTIVIDADES CULTURAIAS OU DEPORTIVAS 2018. DEPORTISTAS 2018 _FRAGA REGUEIRO, ANGEL |

| | |
|------------|---|
| 00786/2019 | PAGO FINAL DE SUBVENCION ACTIVIDADES CULTURAIS OU DEPORTIVAS 2018. ENTIDADES_SOCIADA DEPORTIVA DE CAZADORES SAN MARTIN DE RODIS |
| 00787/2019 | PAGO FINAL DE SUBVENCION ACTIVIDADES CULTURAIS OU DEPORTIVAS 2018. ENTIDADES_ASOCIACION FOLCLORICO CULTURAL CERCEDA |
| 00788/2019 | REITERACIÓN EXECUCIÓN DE SENTENCIA 261/2016, NO MARCO DO PROC.ABREVIADO 1907/2013, CONTRA J. ANTONIO SILVEIRA SANCHEZ |
| 00789/2019 | PAGO FINAL DE SUBVENCION ACTIVIDADES CULTURAIS OU DEPORTIVAS 2018. ENTIDADES_CABEZAS RACING |
| 00790/2019 | PAGO FINAL DE SUBVENCION ACTIVIDADES CULTURAIS OU DEPORTIVAS 2018. ENTIDADES_PREGOTEAM |
| 00791/2019 | PAGO FINAL DE SUBVENCION ACTIVIDADES CULTURAIS OU DEPORTIVAS 2018. ENTIDADES_AGRUPACION DEPORTIVA PEÑA MEIRAMA |
| 00792/2019 | PAGO FINAL DE SUBVENCION ACTIVIDADES CULTURAIS OU DEPORTIVAS 2018. ENTIDADES_ASOCIACION DE VECIÑOS A BAIXA DE CERCEDA |
| 00793/2019 | PAGO FINAL DE SUBVENCION ACTIVIDADES CULTURAIS OU DEPORTIVAS 2018. ENTIDADES_S. D. DE CAZA SANTA COLUMBA DE XESTEDA |
| 00794/2019 | PAGO FINAL DE SUBVENCION ACTIVIDADES CULTURAIS OU DEPORTIVAS 2018. ENTIDADES_ASOCIACION CULTURAL DE MULLERES RURAIS DE XESTEDA |
| 00795/2019 | PAGO FINAL DE SUBVENCION ACTIVIDADES CULTURAIS OU DEPORTIVAS 2018. ENTIDADES_ATLETICA A SILVA |
| 00796/2019 | PAGO FINAL DE SUBVENCION ACTIVIDADES CULTURAIS OU DEPORTIVAS 2018. ENTIDADES_ASOCIACION DE MULLERES DE CERCEDA |
| 00797/2019 | PAGO FINAL DE SUBVENCION ACTIVIDADES CULTURAIS OU DEPORTIVAS 2018. ENTIDADES_ASOCIACION DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS CPI O CRUCE - PANACER |
| 00798/2019 | PAGO FINAL DE SUBVENCION ACTIVIDADES CULTURAIS OU DEPORTIVAS 2018. ENTIDADES_ASOCIACION CULTURAL LUCERNA |
| 00799/2019 | MULTAS DE TRAFICO |
| 00800/2019 | DEV. TAXA CAMP. DE VERAN-Ángeles Abuín Prieto |
| 00801/2019 | Dev. taxa campamentos de verán-Juan Carlos Bello Pardo |
| 00802/2019 | COMISION DE SERVICIOS E DIETAS PARA A VIAXE Ó REINO UNIDO, DENTRO DO PROXECTO "ERASMUS + ADVERSE CHILDHOOD EXPERIENCE AND INTERPROFESSIONAL WORKING" |
| 00803/2019 | SOLICITUDE DE MODIFICACIONES NA MATRICULA DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL OS PILLABANS, PARA O MENOR ENRIQUE CASAS MONTES. SOLICITUDE DE CAMBIO DE HORARIO E PERIODO VACACIONAL. |
| 00804/2019 | DECRETO APROBACIÓN LIQUIDACIÓN CARNÉ XOVE XULLO 2019 |
| 00805/2019 | DECRETO LIQUIDACIÓN CARNÉ XOVE AGOSTO |
| 00806/2019 | NÓMINA SETEMBRO |
| 00807/2019 | APROBACIÓN DE DIETAS POR ASISTENCIA A ÓRGANOS COLEXIADOS |
| 00808/2019 | SOLICITUDE DE REVISION DA TARIFA NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL OS PILLABANS POR CIRCUNSTANCIAS SOCIO-ECONOMICAS, RELATIVAS A/O MENOR MARIO FACHAL PRESEDO. |
| 00809/2019 | APROBACIÓN FACTURAS DE COMPRA DE LIBROS, PARA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN |
| 00810/2019 | DECRETO APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA MELLORA COLECCIÓN BIBLIGRÁFICAS 19 |
| 00811/2019 | DENEGACIÓN SUBVENCIÓN NOMINATIVA FESTAS DE CERCEDA 2019 |
| 00812/2019 | DECRETO DE CAMBIO DE DOMICILIO PADRON DE HABITANTES MES SETEMBRO 2019 |
| 00813/2019 | DECRETO DE ALTAS CAMBIO DE RESIDENCIA PADRON DE HABITANTES MES SETEMBRO 2019 |
| 00814/2019 | CONVOCATORIA XGL 2/10/2019 |
| 00815/2019 | DECRETO APROBACIÓN BOLSAS EMPREGO OPERARIA/O DO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE |
| 00816/2019 | COMISIÓN DE SERVIZO E DIETAS PARA ASISTENCIA A WORLD CONGRESS ISWA 2019-BILBAO |

| | |
|------------|--|
| 00817/2019 | EXENCION DA TAXA DO USO DO COMEDOR DE AROA BARREIRO BELLO. |
| 00818/2019 | CONTRATACION LABORAL TEMPORAL CON CARGO A BOLSA DE EMPREGO DE PEONS DE MEDIO AMBIENTE PARA SUBSTITUCIÓN DE DUAS TRABALLADORAS. |
| 00819/2019 | APROBACION DA 2ª LIQUIDACION DE 2019 COFINANCIAMENTO PARA OS CENTROS DE DIA |
| 00820/2019 | DECRETO DE CONCESION DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA A.S.P.R. |
| 00821/2019 | EXCEDENCIA VOLUNTARIA CMPL |
| 00822/2019 | DECRETO DE CONCESION DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA B.B.P. |
| 00823/2019 | DENEGACION DE REVISION DE TARIFA EIM DE D.P.R. |
| 00824/2019 | DECRETO DE PADRÓN DO SERVIZO BOS DÍAS COLE MES DE SETEMBRO |
| 00825/2019 | SOLICITUD GENERAL A NOMBRE DE SERVICIOS INDUSTRIALES Y TRANSPORTES SA. SOLICITA: AUTORIZACIÓN PARA LA REALIZACIÓN DE 3º TRATAMIENTO FITOSANITARIO EN ÁMBITO NO AGRARIO |
| 00826/2019 | ADXUDICACION CONTRATO MENOR DE CONTROL DE LEXIONELA NA PISCINA CLIMATIZADA DE CERCEDA. TEMPORADA 2019-2020 E REVISIÓN DO PROTOCOLO XERAL DA INSTALACIÓN |
| 00827/2019 | APROBACIÓN DE FACTURAS 2019-38 |
| 00828/2019 | APROBACIÓN FACTURA POS ADICIONAL 1/17.-RENOVACION DE MARQUESIÑAS EN AVDA DA CORUÑA E OUTROS. |
| 00829/2019 | ADXUDICACION CONTROL DE VIXILANCIA AMBIENTAL DO VERTEDOIRO CLAUSURADO DE COBELÁNS |
| 00830/2019 | ADXUDICACION CONTRATO CONTROL DE CALIDADE DA AUGA NA PISCINA CLIMATIZADA DE CERCEDA TEMPORADA 2019-2020 (SETEMBRO DE 2019 A XULLO DE 2020) |
| 00831/2019 | DECRETO DE BAIXA DA SOLICITUDE DE AXUDA NO FOGAR |
| 00832/2019 | DECRETO DE BAIXAS DEFUNCION MES SETEMBRO 2019, DEF15024IA.919 |
| 00833/2019 | ADXUDICACION CONTRATO MENOR DE SERVIZOS PARA A ACCION FOMATIVA DE PREVENCION DE RISCOS LABORAIS (+EMPREGO 2019) |
| 00834/2019 | ADXUDICACION CONTRATO MENOR DE INTERPRETACION ARTISTICA DE TEATRO GHAZAFELHOS DENTRO DA REDE CULTURAL DA DEPUTACIÓN |
| 00835/2019 | DECRETO DE ALTAS NACEMENTO MES AGOSTO 2019, NAC15024IA.819 |
| 00836/2019 | Solicitud de baixa do padrón de lixo-D. Pedro Manuel Iglesias Castro |
| 00837/2019 | DECRETO TAXAS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA E LIBRE CONCORRENCIA DO MES DE SETEMBRO DE 2019. |
| 00838/2019 | EXENCIÓN DE TAXA PARA CURSO DE PISCINA DE M.B.P. ANO 2019/2020 |
| 00839/2019 | APROBACIÓN PADRÓN AUGA E SUMIDOIRO 3ºT 2019 |
| 00840/2019 | CONTRATACION LABORAL TEMPORAL CON CARGO A BOLSA DE EMPREGO DE PEONS DE MEDIO AMBIENTE. |
| 00841/2019 | APROBACIÓN FACTURA DE DESBROCES E XESTIÓN DA BIOMASA. CONVENIO COA XUNTA DE GALICIA |
| 00842/2019 | DECRETO DE APROBACIÓN DO PADRON DE OUTUBRO 2019 DA TAXA DE CONTRIBUENTES POLO USO DO SERVIZO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL |
| 00843/2019 | 1 CERTIFICACIÓN DE OBRA: PISCINA LUDICA EN PARQUE ACUÁTICO DE CERCEDA |
| 00844/2019 | XERACIÓN DE CRÉDITOS 24/2019. MELLORA DA XESTIÓN DE RESIDUOS NO POLÍGONO EMPRESARIAL DE ACEVEDO |
| 00845/2019 | SOLICITA EMERXENCIA SOCIAL PARA ALIMENTOS BASICOS. |
| 00846/2019 | DECRETO DE CONCESION DE CAMBIO DE HORARIO E A TARIFA CORRESPONDENTE DO ALUMNO T.L.R NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL |
| 00847/2019 | ADXUDICACION CONTRATO MENOR MIXTO DE SUBMINISTRACIÓN E SERVIZO PARA A RENOVACION E MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DA REDE DE LUZ PÚBLICA DA RÚA CASTELAO (FONDO DE COMPENSACION AMBIENTAL2019) |
| 00848/2019 | SOLICITUDE DE EMERXENCIA SOCIAL PARA ALIMENTACION BASICA E ANEXO DE ABRIGAS DOS/AS BENEFICIARIOS/AS |

| | |
|------------|--|
| 00849/2019 | SOLICITUDE DE PRAZA NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL OS PILLABANS, CURSO 2019-2020, PARA O MENOR PEDRO LUIS MUIÑO MIRANDA |
| 00850/2019 | ADXUDICACION CONTRATO MENOR ARRANXO E POSTA EN MARCHA DO SISTEMA DE REGA DO CAMPO DE FUTOL DA REVOLTA, QUEIXAS |
| 00851/2019 | DECRETO DE BAIXA CAMBIO DE RESIDENCIA PADRON DE HABITANTES MES OUTUBRO 2019, H15024IA.019 |
| 00852/2019 | TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 25/2019. VARIAS OBRAS. |
| 00853/2019 | XERACIÓN DE CRÉDITO 26/2019. CAMIÑO SANTA COMBA-BELSAR E OUTROS (AGADER) |
| 00854/2019 | XERACIÓN DE CRÉDITO 27/2019. MELLORA DE SINALIZACIÓN DO POLÍGONO INDUSTRIAL DO ACEVEDO. CERCEDA |
| 00855/2019 | NOMINA DE DESPRAZAMENTOS |
| 00856/2019 | NOMINA DE DESPRAZAMENTOS |
| 00857/2019 | MULTAS DE TRAFICO |
| 00858/2019 | ADXUDICACION CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO E COLOCACIÓN DE DÚAS CUBERTAS 170/60-8 PARA TRACTOR CORTACESPEDE HUSQVARNA RIDER R316T -AW |
| 00859/2019 | ADXUDICACION CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAIS PARA ACONDICINAMENTO DO ENTORNO DA AREA RECREATIVA EN A SILVA |
| 00860/2019 | APROBACIÓN DOS PADRÓN DE ACT. CULTURALES E DEPORT. PADRÓN DE PISCINA DO MES DE OUTUBRO 2019 |
| 00861/2019 | APROBACIÓN DE PROXECTO DE OBRA Renovación del sistema de deshumidificación de la Piscina Municipal de Cerceda. |
| 00862/2019 | SOLICITUDE DE PRORROGA PARA A XUBILACION ATA O 08-01-2021 |
| 00863/2019 | CONVOCATORIA PLENO 15/10/2019 |
| 00864/2019 | DONACIÓN O CONCELLO A FINCA DESCRITA CON N° 3, SEGUN ESCRITURA N° 224 DE DATA 30/01/1995, CHAMADA MONTE DA TORRE. |
| 00865/2019 | CORRECCIÓN ERRO NO DECRETO 807/2019, RELATIVO ÁS DIETAS POR ASISTENCIA ÓS ÓRGANOS COLEXIADOS |
| 00866/2019 | DECRETO APROBACIÓN SOLICITUDE SUBVENCIÓN AEDL 2019 |
| 00867/2019 | ADXUDICACION CONTRATO MENOR SERVICIOS, ARANXAR PEQUENAS AVARIAS DE FONTANARÍA NO PUNTO LIMPO, NA ÁREA RECREATIVA DE MEIRAMA E NAS INSTALACIÓNS DEPENDENTES DO DEPARTAMENTO DE MEDIO AMBIENTE |
| 00868/2019 | XERACIÓN DE CRÉDITO 28/2019. POS+ ADICIONAL 1ª FASE |
| 00869/2019 | SOLICITUDE DE SUBVENCION PARA FESTAS POPULARES DE QUEIXAS, ANO 2019. |
| 00870/2019 | DECRETO DE ALTAS NACEMENTO MES SETEMBRO 2019, NAC15024IA.919 |
| 00871/2019 | XUSTIFICACIÓN FINAL SUBVENCION ACTIVIDADES CULTURAIS OU DEPORTIVAS 2018. ENTIDADES_CLUB NATACION CERCEDA |
| 00872/2019 | CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL (EXTRAORDINARIA) 17/10/19 |
| 00873/2019 | DECRETO DE CONCESION DA TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON MINUSVALIDEZ |
| 00874/2019 | DECRETO CONTRATACIÓN BAIXA PEL 2019 |
| 00875/2019 | 1ª CERTIFICACIÓN DE OBRA. POS ADICIONAL1/17.- CAMIÑO O ARROIO-MEIRAMA. |
| 00876/2019 | COTA 2019 FUNDACION AXENCIA ENERXETICA PROVINCIAL DA CORUÑA (FAEPAC). |
| 00877/2019 | APROBACION RELACION DE FACTURAS F/2019/39 |
| 00878/2019 | APROBACION RELACIÓN FACTURAS F/2019/40 |
| 00879/2019 | CONTRATO MENOR DE SERVICIOS, ACONDICIONAMENTO CAMPO DE FÚTBOL DE RODIS PARA FACELO PRACTICABLE |
| 00880/2019 | ADXUDICACION CONTRATO MENOR DO SERVIZO DE INSPECCIÓN ELEVADORES CONCELLO |
| 00881/2019 | NOMBRAMIENTO DE ABOGADO E PROCURADOR EN PO 209/2019 |
| 00882/2019 | ADXUDICACION CONTRATO MENOR DE SERVICIOS PARA ARRANXAR AS FURGONETAS DO SERVIZO DE XARDÍNS, PEUGEOT PARTNER E FORD TOURNEO |

| | |
|------------|---|
| 00883/2019 | ADXUDICACION CONTRATO MENOR PARA SUBMINISTRACION DE MATERIAL DE OFICINA E FORMACION NO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA +EMPREGO 2019 |
| 00884/2019 | ADXUDICACION CONTRATO MENOR PRIVADO PARA A ACTUACION TEATRAL "BERNARDA" DENTRO DA REDE CULTURAL DA DEPUTACION 2019 |
| 00885/2019 | NOMEAMENTO DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO E COORDINACIÓN PARA O CONVENIO SUSCRITO ENTRE O IGVS. |
| 00886/2019 | SOLLICITUDE DE EMERXENCIA SOCIAL |
| 00887/2019 | ALTA SUMINISTRO DE AUGA: GARCIA BERMUDEZ JOSE MANUEL, BOQUETE FARIÑA FELISA. |
| 00888/2019 | ADXUDICACION CONTRATO MENOR DA OBRA DE MELLORA DA XESTION DE RESIDUOS NO POLÍGONO EMPRESARIAL DO ACEVEDO |
| 00889/2019 | ADXUDICACION CONTRATO MENOR DO SERVIZO DE AUTOBUS E RESTAURANTE PARA A EXCURSIÓN A PADRÓN O 20 DE OUTUBRO 2019 |
| 00890/2019 | DECRETO DE CONCESION DE PERIODO VACACIONAL DO ALUMNO I.C.F NA ESCOLA INAFNTIL MUNICIPAL CURSO 2019-2020 |
| 00891/2019 | SOLLICITUDE DE EMERXENCIA SOCIAL |
| 00892/2019 | DECRETO DE CONCESION DE VACACIONS NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DA ALUMNA D.B.R. CURSO 2019-2020 |
| 00893/2019 | DECRETO DE CONCESION DE VACACIONS NA ESCOLA INAFNTIL MUNICIPAL DO ALUMNO T.L.R. CURSO 2019-2020 |
| 00894/2019 | DECRETO DE VACACIONS NA ESCOLA INAFNTIL MUNICIPAL DA MENOR V.G.R CURSO 2019-2020 |
| 00895/2019 | DECRETO DE BAIXA CAMBIO DE RESIDENCIA PADRON DE HABITANTES, PARA ESTRANXEIROS (A INSTANCIA DO INTERESADO) DE: VINICIUS BERTAGLIA MENDONCA DE OLIVEIRA |
| 00896/2019 | ADXUDICACION CONTRATO MENOR PARA ARRANXAR OS COLECTORES DO PUNTO LIMPO DO CONCELLO DE CERCEDA |
| 00897/2019 | ADXUDICACION CONTRATO MENOR, ARRANXO MAQUINARIA DO SERVIZO DE XARDÍNS, TRACTORES CORTACEPEDE E MAQUINA PINTAR CAMPOS DE FÚTBOL |
| 00898/2019 | DECRETO DE APROBACIÓN DEL EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE LA CAMIÑO DE SANTA COMBA -BELSAR (XESTEDA), CORRESPONDIENTE AL AGADER. |
| 00899/2019 | SOLLICITUDE DE DOMICILIACIÓN BANCARIA DO FRACCIONAMENTO DA DÉBEDA DERIVADA DA LEGALIZACION DUN RESTAURANTE EN RUA GAITAS, Nº 6 -BAIXO - CERCEDA |
| 00900/2019 | DECRETO DE ADJUDICACIÓN DEL CONTRATO MIXTO DE OBRAS Y SUMINISTRO DE LA ADECUACIÓN Y EQUIPAMENTO DEL ALBERGUE DE CERCEDA. |
| 00902/2019 | ADXUDICACION CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRACION DUN XOGO PARA O PARQUE INFANTIL DO CAMPO DA FEIRA DAS NENAS NA SILVA |
| 00903/2019 | ADXUDICACION CONTRATO MENOR DE SERVIZO PARA A MELLORA DO PORTAL WEB DO PROGRAMA + EMPREGO |
| 00904/2019 | DECRETO DE CONCESION DE PERIODO VACACIONAL NA ESCOLA INFANTIL DA MENOR C.L.C CURSO 2019-2020 |
| 00905/2019 | ALTA SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR LIBRE CONCORRENCIA E.L.V. |
| 00906/2019 | MODIFICACIÓN SALDOS INICIAS OPERACIÓNS NON ORZAMENTARIAS |
| 00907/2019 | APROBACIÓN RELACIÓN DE FACTURAS F/2019/41 |
| 00908/2019 | DECRETO DE CONCESION DE PRAZA NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE S.G.B CURSO 2019-2020 |
| 00909/2019 | DECRETO DE CESIÓN DE ESPACIO PÚBLICO PARA A CELEBRACIÓN DO SAN MARTIÑO NO CAMPO DA FEIRA DE CERCEDA O DÍA 09.11.2019 |
| 00910/2019 | SOLLICITUDE DE PRAZA NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL OS PILLABANS, CURSO 2019-2020, PARA O MENOR CARLA LISTE GOMEZ. |
| 00911/2019 | MODIFICACION HORARIO AXUDA NO FOGAR DE P.M. |
| 00912/2019 | APROBACIÓN DA FACTURA SUBMINISTRACIÓN E INTALACIÓN DE LUMINARIAS NA RÚA CASTELAO |

| | |
|------------|--|
| 00913/2019 | DECRETO DE INCOACIÓN DO PROCEDEMENTO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR CAIDA NA RUA GAITAS. ENCARNACIÓN BOQUETE. |
| 00914/2019 | DECRETO SUSTITUCIÓN SECRETARIO |
| 00915/2019 | DECRETO APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA PROGRAMA A COLECCIÓN BIBLIOGRAFICAS |
| 00916/2019 | ASIGNACIÓN GRUPOS POLÍTICOS BNG Y PP DE CERCEDA |
| 00917/2019 | NON DIVISION EN LOTES DO INVESTIMENTO CAMIÑO DE BUZARELOS A ESTRADA CERCEDA-A SILVA E OUTROS. |
| 00918/2019 | APROBACION DE PROXECTO ENMENDADO ACONDICIONAMENTO, EQUIPAMENTOS, ALUMEADO E CONEXION CON POLÍGONO DO ACEVEDO. |
| 00919/2019 | ASIGNACIÓN ECONÓMICA DO PARTIDO POPULAR. ANUALIDADE 2019. |
| 00920/2019 | NÓMINA OUTUBRO |
| 00921/2019 | CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 30/10/2019 |
| 00922/2019 | MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 29/2019. XERACIÓN DE CRÉDITOS. ATENCIÓN ECOMUSEO 2019-2020. |
| 00923/2019 | DECRETO APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA FONDO COMPENSACIÓN 19 |
| 00924/2019 | APROBACIÓN DA FACTURA MELLORA DE XESTION DE RESIDUOS NO POLIGONO DO ACEVEDO |
| 00925/2019 | DECRETO APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA SUBVENCIÓN POLÍGONOS |
| 00926/2019 | COMPRA DE ALIMENTOS DE BANCO MUNICIPAL |
| 00927/2019 | SOLICITA QUE A PARTIR DO DIA 04/11/2019 NON SE LLE DEA ALMARZO O SEU FILLO IAN DE FRUTOS RIOS COMO PARTICIPANTE DO PROGRAMA DOS DIAS COLE. |
| 00928/2019 | SOLICITA MODIFICACION NA SOLICITUDE DO PROGRAMA BOS DIAS COLE, PARA A SUA FILLA XIANA CAMBEIRO BOCIJA. |
| 00929/2019 | SOLICITA A MOFICICACION DA PRAZA DE BOS DIAS COLE, DOS SEUS FILLOS IAGO E AIMARA LOUREDA VIEJAS, A OCASIONAL. |
| 00930/2019 | DECRETO LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PARA VIVIENDA LOCALIZADA EN LUGAR DE CASALDABRE (QUEIXAS) PROMOVIDA POR DONA MARIA DEL CARMEN FRAGA PEREZ E DON JOSE ANTONIO FERNANDEZ PAZ. |
| 00931/2019 | ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR SUBMINISTRACIÓN DE XOGOS PARA PARQUE INFANTIL EN QUEIXAS. |
| 00932/2019 | CAMBIO EN BOS DIAS COLE. |
| 00933/2019 | ADXUDICACION CONTRATO MENOR DE ALUGUER DE MAQUINARIA E COMPRA DE PRODUTO LIMPA TAPICERIA PARA EMPREGAR POR PERSOAL DO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE DO CONCELLO DE CERCEDA. |
| 00934/2019 | CONTRATO MENOR SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL PARA OS OPERARIOS QUE SE VAN INCORPORANDO O SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE. |
| 00935/2019 | DECRETO DE SOLICITUD AL REGISTRO DE LA PROPIEDAD DE CERTIFICACIÓN DE DOMINIO Y CARGAS DE LAS PARCELAS OBJETO DE EXPROPIACIÓN POR TASACIÓN CONJUNTA PARA OBRAS DE ACCESO AL COLEGIO (ARTÍCULO 293.1 RLS). |
| 00936/2019 | XERACIÓN DE CRÉDITO 30/2019. INSTALACIÓN FOTOVOLTAICA PISCINA CLIMATIZADA. FONDOS FEDER. |

Queda enterada a Corporación.

Segundo. Mocións.

1.- Moción presentada polo Grupo Municipal Mixto.

O voceiro do Grupo municipal Mixto, don Alberto Sánchez Regueiro, da lectura á moción, que se trascribe:

<<MOCIÓN SOBRE DANOS TEMPORAL CERCEDA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado xoves 14 de novembro a media mañan un bo número de vivendas e outras construcións de Bos Aires, Acevedo e Virís víronse afectadas polo fortísimo vento que, coa forza dun tornado, arrasou con todo o que atopou ao seu paso, causando innumerábeis danos en numerosas propiedades.

Este desastre ocasionado polo temporal require un esforzo e apoiar ás persoas afectadas a fin de que recuperen canto antes a normalidade nas súas vidas, tentando axudalas a paliar os danos sufridos no máis breve espazo de tempo posíbel.

Desde o BNG consideramos necesario sumar esforzos para que o Concello, como institución na que están representada a cidadanía de Cerceda, sexa a primeira canle para tentar minimizar os danos sufridos polas persoas afectadas, apoiándoas inequívocamente.

Polo tanto, propoñemos á corporación do Concello de Cerceda a adopción do seguinte

ACORDO

1.- O Concello de Cerceda, bonificará co 100% todas as taxas e impostos de carácter municipal que as perosas ou empresas prexudicadas polo temporal do pasado 14 de novembro teñan que solicitar no concello de Cerceda para a realización das obras necesarias para reparar os desperfectos causados polo temporal nas súas propiedades.

2.- O Concello de Cerceda facilitará apoio técnico e xurídico ás persoas afectadas polo temporal para a reposición dos danos sufridos nas súas propiedades.

3.- O Concello de Cerceda expresa a súa solidariedade con todas as persoas afectadas polo temporal do 14 de novembro.>>

Sometida a votación a urxencia da incorporación no orde día da devandita moción, queda aprobada por unanimidade.

**Intervencións que se citan:*

O voceiro do Grupo Municipal do PP está dacordo con todo, pero pediría máis cousas, como brigadas para recoller o entullo.

A Presidencia sinala que a lei non contempla exencións. O apoio do Concello o ten sempre. Expresamos a nosa solidariedade.

Sometida a moción a votación ordinaria pola Alcaldía-Presidencia, queda aprobada por unanimidade.

2.- Moción presentada polo Grupo Municipal do PSdG-PSOE.

O concelleiro de Servizos Sociais e Benestar, don Juan Manuel Rodríguez García, da lectura a moción que se transcribe:

MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986), con motivo do día 25 de novembro, Día Internacional contra a violencia de Xénero, para a súa consideración, debate e posterior aprobación polo Pleno do Concello de Cerceda

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 17 de decembro de 1999, a través da resolución 54/134, a Asamblea Xeral da ONU declarou o 25 de novembro como o Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres. Unha data que debe servir, non só para a reflexión por parte de toda a sociedade, senón tamén para a renovación dos esforzos por parte de todas as institucións políticas e sociais, para loitar contra esta vulneración dos dereitos humanos a nivel global.

No ano 2014, España ratificou o Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra as mulleres e a violencia doméstica (Convenio de Istambul), que supón o primeiro mecanismo vinculante en Europa para “Protexer ás mulleres contra todas as formas de violencia, e previr, perseguir e eliminar a violencia contra a muller e a violencia doméstica”; e que, por tanto, devandito Convenio é de obrigado cumprimento.

O artigo 15 da nosa Constitución reconece o dereito á vida e á integridade física e moral, sen que, en ningún caso, ninguén poida ser sometido á tortura nin a penas ou tratos inhumanos ou degradantes. Pola súa banda o artigo 9.2 establece a obrigación dos poderes públicos de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas; e remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude.

A violencia contra as mulleres é estrutural e histórica. Atópase presente en todos os países e culturas, independente do nivel educativo e a posición social. No presente decenio asistimos a unha ofensiva visible a escala mundial e europea contra a igualdade de xénero e os dereitos das mulleres.

A violencia contra as mulleres constitúe a vulneración máis estendida dos dereitos humanos no mundo e a súa orixe radica na discriminación que sofren as mulleres respecto dos homes. A violencia machista non ten cabida na sociedade que aspiramos a ser, nin na democracia que queremos consolidar. Eliminala das nosas vidas e protexer ás vítimas non é una opción, é una obrigación. As mulleres teñen dereito a vivir en liberdade e a que as súas vidas non estean en perigo polo mero feito de ser mulleres.

Para iso necesitamos o compromiso individual da cidadanía, homes e mulleres, e o compromiso colectivo da sociedade todos os días do ano. A colaboración dos homes desempeña un papel importante no fomento da igualdade de xénero e a eliminación da violencia contra as mulleres.

A violencia machista interpélanos a todos e todas e é a nosa obrigación combatela con todos os medios dispoñibles, empezando polas administración, cada unha no ámbito das súas competencias.

A violencia machista é a primeira causa de morte prematura entre as mulleres, o machismo mata e ten que ser una cuestión política de primeira orde. Segundo a última macroenquisa sobre violencia de xénero realizada en 2015 polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, o 12,5% das mulleres maiores de 16 anos sufriron violencia de xénero alguna vez na súa vida, o que en termos absolutos suponen 2,5 millóns de mulleres en España, o 2,7% das mulleres maiores de 16 anos sufriron violencia no último ano e o 64% dos fillos e fillas das vítimas presenciaron os episodios de violencia.

Máis de 1.027 mulleres foron asasinadas en España polas súas parellas ou exparellas desde o ano 2003, data que marca o inicio da recompilación de datos oficiais. No que levamos de 2019, foron asasinadas 52 mulleres e 3 menores, e aínda hai máis asasinatos de mulleres en investigación.

No noso país os últimos anos producíronse avances legislativos moi significativos en materia de loita contra a violencia sobre a muller. Dispoñemos dun marco legislativo a través da Lei Orgánica 1/ 2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, a Lei 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento da Violencia de Xénero, e contamos desde o ano 2017 cun Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, aprobado polo Congreso dos Deputados.

Unha sociedade decente esixe avanzar cara a una sociedade segura e libre de violencia cara ás mulleres, que garanta una resposta rápida e efectiva ás mulleres que sofren violencia, así como aos seus fillos e fillas, xerando os mecanismos necesarios para conseguilo.

Por todas estas razóns, faise necesario redobrar os esforzos contra a violencia machista, mantela como prioridade política e democrática, illar aos violentos e a quen lles dá cobertura política. Ademais, hai que esixir que se reforce o sistema de protección para as mulleres vítimas e que se desenvolvan todos os recursos e medidas que se contemplan no Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero.

Por todo iso, desde o Grupo Municipal Socialista de Cerceda propoñemos para a súa aprobación polo Pleno os seguintes

ACORDOS:

- 1.- Poñer en valor desde este concello as medidas contidas no Pacto de Estado en materia de violencia de xénero no marco das súas competencias, así como o seu seguimento, co obxectivo de combater a violencia contra as mulleres;
- 2.- Manifestar a nosa repulsa a todas as formas de violencia cara ás mulleres, o noso compromiso coas vítimas e declarar a este municipio “Tolerancia cero cos maltratadores”;
- 3.- Expressar o rexeitamento a calquera posicionamento político que propugne a negación da existencia da violencia de xénero ou rexeite a validez das políticas públicas enfocadas á súa total erradicación;
- 4.- Apoiar ás organizacións e grupos de mulleres e os defensores dos dereitos da muller que actuaron como catalizadores e líderes dos avances legislativos e políticos na última década no que respecta á evolución e a práctica dos dereitos das mulleres;
- 5.- No marco do reforzo das iniciativas para combater esta secuela, desde este concello comprometémonos a impulsar a aplicación da Lei 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento da Violencia de Xénero, así como as estratexias e plans a nivel autonómicos vixentes, en coordinación con todos os poderes públicos.

Sometida a votación a urxencia da incorporación no orde día da devandita moción, queda aprobada por unanimidade.

**Intervencións que se citan:*

O voceiro do Grupo Municipal do PP expresa o total acordó do seu grupo coa moción.

O sr. Rodríguez García agradece a disposición.

Sen máis intervencións, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a moción, que queda aprobada por unanimidade.

3.- Moción presentada polo Grupo municipal Mixto.

O voceiro do Grupo municipal Mixto, don Alberto Sánchez Regueiro, da lectura á moción presentada por Vía Galega, que se transcribe:

MOCIÓN VÍA GALEGA

No poema Pra a Habana!, a nosa poeta, Rosalía de Castro, plasmou con especial sensibilidade o drama da emigración. Un drama non só persoal, senón tamén social e nacional. A emigración provoca desarraigamento, familias rotas e conduce tamén á desertización económica e á perda de horizonte de futuro dun país.

156 anos despois da publicación de Cantares Gallegos este drama dista moito de ser una triste lembranza do noso pasado. Segundo datos do Instituto Galego de Estatística, nos últimos 10 anos (2008-2017) -últimos datos dispoñíbeis- emigraron de Galicia 216.413 persoas con idades comprendidas entre os 16 e 54 anos, idades nas que se concentran a maior parte das persoas demandantes de emprego.

Nese período 79.529 persoas con idades comprendidas entre os 16 e os 29 anos abandonaron o noso país. Mozas e mozos que ante a falta de perspectivas de realización persoal e laboral tiveron que coller a maleta para se gañar a vida fóra. Unha sangría para unha sociedade que criou e formou a unha xeración para que o seu coñecemento e o seu traballo contribuíra a un progreso doutras sociedades en vez de reverter no país.

A emigración nomesmo está a poñer en perigo a propia viabilidade de Galicia. O impacto da emigración é evidente no noso devalo demográfico e no avellentamento da poboación.

A poboación activa de Galiza (persoas entre 16 e 65 anos que están traballando ou buscan emprego) representa menos da metade da poboación total.

Na época de Rosalía escribui Pra a Habana! A poboación de Galiza representaba o 11.5% da poboación total do Estado español e a súa densidade de poboación duplicaba a media estatal. En 1900 a porcentaxe descendera ao 10,64%. En 1950 situábase no 9,26% e en 2018 era só do 5,74%. E dicir, o peso relativo da poboación de Galiza no Estado español reduciuse á metade e en 2018 a nosa densidade de poboación situouse por vez primeira por baixo da media.

Algúns xa denominan a esta realidade “a Galiza mingüante” e se non lle poñemos remedio a esta sangría poboacional, significará a morte a medio prazo de Galiza como ente colectivo.

A condición periférica e subordinada da nosa economía, a destrución de parte importante da nosa base produtiva, a precariedade no emprego e a ausencia de políticas ambiciosas de igualdade e fomento da conciliación están na base do devalo demográfico do país e o aumento da emigración.

Por todo o devandito o Pleno do Concello adopta os seguintes acordos:

-Dirixirse ao Parlamento de Galiza para que tome en consideración a emigración como un drama social e nacional, conciba este problema como unha emerxencia nacional e outorgue prioridade ás políticas que ataquen as súas causas, instando á Xunta de Galiza a impulsar políticas que aseguren o dereito a un traballo digno na terra e creen as condicións para favorecer o retorno das nosas persoas emigradas.

-Instar ao Parlamento de Galiza a constituír no seu seo unha ponencia sobre a emigración galega, co obxecto de que , no prazo máximo de cinco meses, estude e propoña as medidas e políticas necesarias para rematar con este drama que o longo da historia e actualmente golpea ó Pobo Galego.

-Deben ser eixos destas políticas:

-A defensa da base produtiva do país e dunha economía autocentrada, que mobilice os enormes recursos do país para xerar emprego e riqueza en Galiza.

-A creación de emprego digno e de calidade.

-O desenvolvemento de políticas sociais que aseguren a igualdade e favorezan a conciliación da vida laboral e familiar.

O compromiso desde o goberno municipal con políticas que promovan e lle dean forza aos sectores estratégicos e o tecido industrial de Galiza, nomeadamente o agrogandeiro, forestal, marítimo pesqueiro, enerxético e das TIC.”

Sometida a votación a urxencia da incorporación no orde día da devandita moción, queda aprobada por unanimidade.

**Intervencións que se citan:*

O voceiro do Grupo Municipal do PP anuncia o voto favorable do seu grupo.

Sometida pola Presidencia a votación ordinaria, queda aprobada por unanimidade.

Terceiro. Rogos e preguntas.

1.- Rogos presentados polo BNG.

1.1.- As últimas choivas arrastraron terra e barro na estrada de acceso a Xalo por Gustovedro, na zona por onde pasa o Rego da Porta Antiga, mais ou menos hai unha capa de 5 ou 10 cms., o cal dificulta a circulación, a ver se se pode mandar uns operarios a retirala e de paso limpar a cuneta para que a auga baixe para o rego e non onde empeza a pista.

Engade o concelleiro que hoxe foron os empregados municipais e polo tanto retírase este rogo.

2.- Preguntas presentadas polo BNG.

2.1.-Qué sabe o concello sobre o proxecto do parque eólico que se quere situar no emplazamento da central térmica? Pénsase informar as familias afectadas de que xa hai proxecto de inicio do parque eólico? O Concello ten pensado defender os intereses dos veciños/as afectados?

Contesta o Sr. Alcalde que a empresa solo presentou a solicitude, uno de los inicios e que aínda queda moito.

2.2.-Cómo se convocan as axudas do Concello de Cerceda as entidades culturais tan tarde? Cal é o motivo de porque non se fixo antes?

Reconoce o Sr. Alcalde que é moi tarde, e que as razóns desa tardanza son de todos coñecidas.

2.3.-Quen financia o documental "Cerceda, terra de emprendemento"? De quen xurdiu a idea de facer este documental?.

A idea xurdiu de empresas e do Concello, e xa está prevista unha nova data.

3.-Rogos que presenta o Partido Popular.

3.1.-Permitila circulación en dobre sentido na rúa Tierno Galván dende o alto do Campo da Ferira ata a altura da rúa Castelao.

Toma coñecemento a Presidencia.

3.2.-Facer unha revisión dos cruces de saída das pistas as carreteras no senso de mellorar a seguridade debido a pouca visibilidade e a colocación de espellos se fose necesario. Exemplos: saída da pista ó lado das Tinaxas a estrada do Mesón, saída da pista da Brea a estrada de Ordes-Carballo, pista da Lagoa a estrada de Cerceda-Xesteda, etc.

Somos reacios a poñer espellos polo coste económico; sólo no caso de que a Policía Local o estime necesario.

3.3.-Facer as xestións necesarias para arranxar un muro de contención na Avenida da Coruña que en calquera momento pode caer á beirarrúa. (Indica o sr. Santos que se trata da Avenida de Galicia e non a de Coruña).

Toma coñecemento a Presidencia.

4.- Preguntas que presenta o Partido Popular.

4.1.-Cal e a empresa privada que se fixo cargo dos gastos das actuacións musicais do 4 de agosto en Cerceda ? e por qué motivo?

O Concello pagou sobre os 1000 euros. O promotor quere manter o anonimato. Descoñece se está ao corrente de tributos.

4.2.-En que fase está o arranxo do Campo de fútbol do Outeiro?

Sobre este tema, o Concello fixo todo o que pediron que fixéramos.

4.3.-Un poste do alumado público con dúas farolas foi derribado por un vehículo no Sucadio xa fai uns meses. Cando se vai a repoñer?

Estamos investigando o suceso para denunciar ao seu autor. Repoñerase a semana que ven.

4.4.-Hai humidade no teito dos vestiarios da piscina cuberta municipal . a que é debido a goteiras aou a condensación? En calquera caso hai humidade por onde están os cables da corrente eléctrica, poderían revisalo?

Según os técnicos é condensación. Consideramos cerrar en Navidad.

4.5.-Cando ten planeado a Diputación rematar as obras da CP-2402? Que solución hai plantexada para mellorar a accesibilidade as casas e outros inmobles dos veciños da Estación? Hai algún estudo sobre a canalización de auga que se recolle desta estrada para canalizala cara o rego Pereiro?

Estase esperando a que o tempo mellore para terminar. Hai proxectos pero podría incluírse algún máis. Non temos estudos de canalizacións.

4.6.-En qué situación se atopa a construción do SPA xunto a piscina?

Hai un problema coa comprobación do replanteo.

E sen máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as vintetrés horas e cinco minutos do día da convocatoria; de todo o cal, como Secretario Xeral dou fe.